

QUERES LER UN LIBRO COMIGO? convida a compartir e reflexiona sobre a diversidade

Un conto escrito por LAWRENCE SCHIMEL (Nova York, 1971) e ilustrado por THIAGO LOPES (San Paulo, 1987), recomendado a partir dos 3 anos, abre a nova colección VERDEMAR de Alvarellos Editora. Esta obra convida a reflexionar, dun xeito ameno e didáctico, sobre a necesidade de compartir (a lectura dun libro, neste caso) ao tempo que promove o respecto á diversidade.

TEXTO CONTRACAPA

Antón xa sabía ler só, pero quería compartir o seu libro favorito. Saíu todo contento polo barrio e buscou, e buscou... pero nada. Todo o mundo parecía tan ocupado...! Ata que atopou a alguén inesperado con quen facer realidade o seu desexo...

Queres ler este libro comigo?

CLAVES PARA A SÚA LECTURA

Un álbum ilustrado no que se reflexiona, dun xeito divertido e didáctico, sobre a **necesidade de compartir**: neste caso, compartir un libro. O protagonista quere ler con alguén o seu libro favorito. Porque todo o que se comparte alcanza maior dimensión.

Ademais, este conto axuda a tratar temas como a exclusión promovendo o **respecto á diversidade**. Revélanos que nunca debemos dar nada por feito. Que arredor dun hai todo un **mundo de experiencias** por descubrir e que **todas as persoas suman nel**.



↻ Idade de interese: +3 ↻ Nivel de lectura: +5

LAWRENCE SCHIMEL naceu en Nova York en 1971 e vive en Madrid desde 1999. É autor e tradutor de literatura infantil e xuvenil e tamén de poesía, ficción e ensaio para adultos. Publicou ata hoxe máis de cen títulos, traducidos a varios idiomas. Algúns dos seus libros para novos lectores lograron importantes recoñecementos internacionais ao seren incluídos na lista de honra da Organización Internacional para o Libro Xuvenil (IBBY) ou no catálogo White Ravens que elabora, cada ano, a International Youth Library de Múnic. Precisamente, a primeira versión deste libro, titulada *¿Lees un libro conmigo?* editada en Colombia en 2005, foi seleccionada pola IBBY en 2007.

THIAGO LOPES é un ilustrador e deseñador gráfico especializado en deseño editorial. Naceu en 1987 en San Paulo (Brasil), onde vive e traballa. Principiou en 2009 no eido na literatura infantil e xuvenil, ao retomar os seus estudos na Facultade de Belas Artes de San Paulo. As súas ilustracións son engaiolantes, divertidas e delicadas.



FICHA TÉCNICA 32 pp. 25x21 cms
ISBN: 978-84-16460-18-2 PVP: 11 €



alvarellos

correo@alvarellos.info
981522137 609908852